

**CONCELLO
DE VIGO**



**CONCELLO DE VIGO – OEP 2020-2021-2022 (3ª FASE)
ÓRGANO DE SELECCIÓN – PROBAS SELECTIVAS
TÉCNICO/A SUPERIOR ACTIVIDADES CULTURAIS E EDUCATIVAS**

ANUNCIO

Infórmase ós/ás aspirantes que para a realización do primeiro exercicio deste proceso selectivo (Temas), que terá lugar o vindeiro martes, día 26 de maio de 2026, ás 17:00h, na Aula de Formación da Policía Local do Concello de Vigo, observaranse as seguintes normas.

ACCESO:

O acceso realizarase desde o exterior da Casa do Concello de Vigo, pola entrada da Policía Local.



CHAMAMENTO:

A proba efectuarase en chamamento único. A non presentación dunha persoa aspirante a calquera dos exercicios no momento de ser chamada, determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar no mesmo exercicio e nos sucesivos, quedando excluída, en consecuencia, do proceso selectivo (Base novena).

DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN E BOLÍGRAFO:

Deberán comparecer para a realización deste primeiro exercicio provistos/as dos seus respectivos DNI/NIE/outro documento fidedigno acreditativo da súa identidade e cos seus propios bolígrafos.

CERTIFICADOS DE ASISTENCIA:

Os certificados de asistencia, de precisalos ós/ás aspirantes, pediránse no momento do chamamento e expediranse, de ser posible, ó final do exercicio.

PROHIBICIÓN DE DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS:

Durante a realización da proba todos os dispositivos electrónicos (teléfonos móbiles, smartwatches, tablets, etc.) terán que estar totalmente apagados/desconectados. O órgano de selección está facultado polas Bases reitoras para declarar como excluídos/as a aqueles/as aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta nos exercicios das probas selectivas (Base décimo oitava).

Vigo, [data da sinatura electrónica]
O SECRETARIO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN
Asdo.: Gustavo Rodríguez Bartol



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2026 12:17	Páxina 2 de 2
47861-220	CSV: AFBABB-BHA6AA-4FE889-64N6H6-WZ3P35-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		